



Asociación Veciñal do Saviñao  
r/ Pardo Bazán, nº 1 Baixo  
27540 Escairón-O Saviñao

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DE SANIDADE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 20/09/2016 10:41:27

SAÍDA 18316 / RX 1323470



En data 08/09/2016 recibíuse escrito da Asociación Veciñal do Saviñao coa intención de expoñer o rexeitamento desa Asociación á elección do soar para o novo centro de saúde do Saviñao. Este rexeitamento baséase en catro cuestións que pasamos a comentar.

A primeira das cuestións é a posibilidade de reutilización do centro de saúde existente e, con respecto a isto, temos que indicar que os edificios sanitarios contan con novas necesidades, novos usos e aplicacións que implican unha renovación continua, valorándose no seu día a posibilidade de reforma do edificio existente e desbotándose esta por diferentes motivos técnicos, entendendo que resultaba máis apropiado a construción dun novo edificio que se adapte ás necesidades funcionais de hoxe en día e tamén ás dos vindeiros anos.

En segundo lugar falan no seu escrito da ocupación dunha zona verde para a construción do novo edificio, sendo isto impreciso xa que a cualificación urbanística do solar é a de dotacional e estando adaptado ao uso sanitario esixido, non sendo en ningún caso unha zona verde. A redacción do planeamento é unha cuestión feita entre os veciños, o concello e a administración autonómica, adaptándose ás necesidades e inxerencias de todos e que unha vez formulado o documento regulamentario aplica unha ordenanza a cada parcela que, neste caso é a de dotacional non a de zona verde.

Por último, respecto dos puntos tres e catro, respecto a que o terreo é húmido e sobre a cimentación do edificio, temos que dicirlles que aínda que poda supoñerse a humidade como un inconveniente deben entender que existen medios técnicos suficientes para a construción deste centro ao carón da carballeira e con todos os servizos necesarios e as medidas técnicas que farán do futuro inmovible un edificio modélico, solventando a humidade cos drenaxes adecuados e a cimentación con medios técnicos realmente sinxelos.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2016  
A directora xeral de Recursos Económicos

Lourdes Vilachán Angueira

